



IV CARREIRA POPULAR DA FESTA DO VIÑO DE BARRO

REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN

O Concello de Barro, en colaboración co Club Atletismo +9 Moraña, organiza o 7 de xuño de 2026 a *IV Carreira popular da Festa do Viño de Barro*, na que poderán participar atletas federad@s e non federad@s de distintas idades, e que ten como obxecto promover o hábito da actividade deportiva como mellor ferramenta para coidar da saúde física e mental.

CATEGORÍAS

A) ESCOLARES

- Chupetes: de 0 a 3 anos (poderán correr acompañad@s por unha persoa adulta).
- Pitufos: atletas nados/as nos anos 2021 e 2022.
- SUB 8 (M/F): atletas nados/as nos anos 2019 e 2020.
- SUB 10 (M/F): atletas nados/as nos anos 2017 e 2018.
- SUB 12 (M/F): atletas nados/as nos anos 2015 e 2016.
- SUB 14 (M/F): atletas nados/as nos anos 2013 e 2014.
- SUB 16 (M/F): atletas nados/as nos anos 2011 e 2012.

B) ABSOLUTA

- SUB 18 (M/F): atletas nados/as nos anos 2009 e 2010.
- SUB 23 (M/F): atletas nados /as entre 2004 e 2008.
- SENIOR (M/F): atletas de 23 a 34 anos.
- MÁSTER 1 (M/F): atletas de 35 a 44 anos.

REGULAMENTO - IV CARREIRA POPULAR DA FESTA DO VIÑO DE BARRO

- MÁSTER 2 (M/F): atletas de 45 a 54 anos.
- MÁSTER 3 (M/F): atletas de 55 a 64 anos.
- MÁSTER 4 (M/F): atletas de 65 anos en diante.

NOTAS:

1. *As categorías de Chupetes e Pitufos non serán competitivas: polo tanto non terán clasificación nin premios. Terán unha medalla conmemorativa do evento.*
2. *Todas as categorías, excepto Chupetes e Pitufos, Terán clasificación individual feminina e masculina.*

3. DISTANCIAS E HORARIOS

A saída e chegada das probas estrará situada nas inmediacións do Pazo da Crega, no lugar de de Santo Antoniño de Barro (<https://goo.gl/maps/rwbFEkPEF6k7gvKc6>).

Horarios estimados das probas e distancias por categorías.

CATEGORIA	HORA DA SAÍDA	DISTANCIAS
Absoluta	10:00 h	10 Km
Sub-14 / Sub-16	11:20 h	3 Km aprox.
Sub-12	11:45 h	1,5 Km aprox.
Sub-10	12:00 h	1 Km aprox.
Sub-8	12:10 h	500 m aprox.
Pitufos	12:20 h	200 m aprox.
Chupetes	12:25 h	50 m aprox

4. INSCRIPCIÓNS E PRAZOS

O prazo de inscricións das persoas participantes abrirase o luns 11 de maio e pecharase o domingo 31 de maio ás 23:59h, ou no momento de acadar o límite de inscricións, que será de 150 por categoría. Non se aceptarán inscricións fóra do prazo indicado, salvo que organización realice unha ampliación do mesmo.

Concello de Barro

Santo Antoniño nº 11 - Perdecanaí, BARRO / C.P. 36194 (Pontevedra) / Tlfno. 986 711 002

REGULAMENTO - IV CARREIRA POPULAR DA FESTA DO VIÑO DE BARRO

Os/as participantes, no momento da formalización da inscrición, aceptan os presente regulamento.

As inscricións de todas as categorías formalízanse na web www.galitiming.es.

Protección de datos: Todos/as os/as corredores/as ao realizar a inscrición aceptan as publicacións do seu nome e imaxe na clasificación, medios de comunicación, cartaces e/ou internet. Mediante a inscrición o corredor/a consinte expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións acerca da súa actividade. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o/a interesado/a pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un escrito ou correo electrónico.

5. PREZO DA INSCRIPCIÓN

As contías das inscricións non serán devoltas salvo causa de forza maior que obrigue a cancelación da proba.

CATEGORÍA	PREZO
CHUPETES	GRATUITO
PITUFOS	GRATUITO
SUB-8	GRATUITO
SUB-10	GRATUITO
SUB-12	GRATUITO
SUB-14	GRATUITO
SUB-16	GRATUITO
SUB-18	10,00 €
SUB-23	10,00 €
SÉNIOR	10,00 €
MÁSTER 1	10,00 €
MÁSTER 2	10,00 €
MÁSTER 3	10,00 €
MÁSTER 4	10,00 €

Concello de Barro

Santo Antoniño nº11 - Perdecanaí, BARRO /C.P. 36194 (Pontevedra) / Tfno 986 711 002

6. DORSAIS E CHIPS

A recollida dos dorsais realizaranse o día da carreira nas instalacións do Pazo da Crega a partir das 08:45h e ata media hora antes do inicio de cada proba.

Os dorsais-chips outorgados pola organización son persoais e intransferibles. Para facilitar a xestión das carreiras non se darán dorsais fóra dese prazo. O dorsal deberá ir colocado na parte anterior do corpo, en toda a súa extensión de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal-chip será descualificado.

Os lectores de dorsais-chips estarán colocados nas liñas de saída e de meta, e a organización gárdase o dereito de colocar sen publicidade lectores intermedios en calquer punto do percorrido.

7. TROFEOS, MEDALLAS E AGASALLOS

- As categorías de Chupetes e Pitufos non serán competitivas: polo tanto non terán clasificación nin premios. Terán unha medalla conmemorativa do evento.
- Haberá medallas para tod@s @s participantes que consian rematar a proba.
- As categorías ABSOLUTAS terán unha camiseta conmemorativa da proba.
- Haberá trofeos para @s tres primeir@s clasificad@s de cada categoría establecida no presente regulamento, a excepción das categorías Chupetes e Pitufos (categorías non competitivas). Os premios non serán acumulativos.
- Outorgaráselle trofeo o mellor tempo masculino e feminino das categorías ABSOLUTAS.
- A persoa participante de maior idade recibirá un trofeo conmemorativo.
- A entrega de trofeos terá lugar no Pazo da Crega unha vez finalizadas todas as probas (aprox. 13h).

8. SERVIZOS PARA @S PARTICIPANTES

- Habilitarase un servizo de duchas desde as 10h ata as 14:00 horas no Pavillón Municipal, que se encontra nas inmediacións do punto de inicio e remate dos percorridos (<https://goo.gl/maps/ZAak6wV1482nsEKA6>).
- Agasallo conmemorativo a tod@s @s participantes.
- Avituallamento intermedio (líquido) e na liña de meta (líquido e sólido).
- Servizo de ambulancia madicalizada.
- Seguro de accidente deportivo.
- Publicación dos tempos realizados o remate da proba.

9. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS

- A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definídose os horarios, así como de modificar o presente regulamento para garantir o correcto funcionamento do evento deportivo.
- A organización da proba declina toda a responsabilidade dos danos que os/as atletas puiderna ocasionar.
- A organización resérvase o derito de descualificar @s participantes que:
 - Non cumbran o regulamento establecido.
 - Non cumbran as indicacións da organización.
 - Povoquen danos medioambientais (tirar lixo no chan, etc.) ou danos en infraestructuras, mobiliario, balizamento, etc.
 - Compitan fora do circuito habilitado para as probas.
 - Crucen a liña de meta ou os medidores intermedios sen dorsal-chip.
 - Practiquen ou promovan conductas antideportivas.

REGULAMENTO - IV CARREIRA POPULAR DA FESTA DO VIÑO DE BARRO

Concello de Barro

Santo Antoniño nº11 - Perdecanaí, BARRO / C.P. 36194 (Pontevedra) / tfno. 986 711 002